

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMBRE

Aprobación inicial das bases e convocatoria do “XXXV Torneo Municipal de Chave Concello de Cambre”

ANUNCIO

A corporación municipal en Pleno, en sesión ordinaria de data 29 de xullo de 2019, celebrada con carácter supletorio da correspondente ao 26 de xullo, aprobou inicialmente as Bases do “XXXV Torneo de Chave Concello de Cambre 2019”, así como a súa convocatoria, transcribíndose integramente a continuación o texto das citadas bases:

«BASES DO XXXV TORNEO DE CHAVE CONCELLO DE CAMBRE

Primeira.–O XXXV Torneo Concello de Cambre celebrarase o sábado 10 de agosto de 2019 no campo municipal Daniel Mallo de Cambre

Segunda.–O concello cursará invitación aos clubs/entidades de Chave (que durante este ano competiron ou ben na Liga da federación ou ben na Liga da Irmandade) do municipio para participar neste torneo. Xogarase en catro campos segundo o regulamento da Irmandade da Chave.

Terceira.–O Torneo comezará coa presentación dos xogadores as 17.30 horas e rematará coa entrega de premios ás 20.30 horas aproximadamente.

Cuarta.–A formalización da inscrición dos equipos é obrigatoria e nela constará un mínimo de oito xogadores como tiradores. Só poderán tirar aqueles xogadores inscritos antes do comezo do torneo.

Quinta.–O emparellamento entre os equipos realizarase por sorteo en presenza dun representante de cada un dos clubs participantes.

Sexta.–A organización ten previsto premiar cun trofeo ao equipo con máis chaves así como aos xogadores máximos chaveiros.

Sétima.–Para o financiamento dos premios deste torneo existe crédito por importe de 1.320,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2019 341 48100 “Becas e premios promoción Deporte” no actual orzamento municipal.

Oitava.–As entidades asociativas participantes do municipio terán unha gratificación por participar por importe de 165,00 euros, sempre que o número delas non supere o total de 8. No suposto de que se supere, repartiríase proporcionalmente a cantidade total prevista entre as participantes, segundo as actas do torneo.

Novena.–O pagamento efectuarase mediante transferencia bancaria. Con carácter previo ao pagamento comprobarase que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias, e que cumpren os requisitos establecidos no artigo 13 de Lai 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A organización facilitará unha ficha ás entidades para cumprimentar os seus datos fiscais e asinarán unha autorización para comprobar que estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Décima.–A participación neste torneo supón a aceptación das bases.»

O presente acordo publicarase no Boletín oficial da Provincia e abrirase un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobadas as Bases e a convocatoria, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na paxina web municipal.

Darase traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, e comunicarase o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Cambre, 31 de xullo de 2019.

O alcalde

Óscar A. García Patiño